

Puntos de interés especial:

- Os nosos Clubs de Lectura.
- Día do Libro.
- Visitas de escritores.
- Recomendacións lectoras en tempos de crise.
- O recuncho do creador.
- Lembranza a Luz Pozo Garza
- Proximamente

Editorial

Voltamos a achegarnos a vós, estimados lectores, nunhas circunstancias que, nin no peor dos pesadelos, poderíamos imaxinar.

Dende o día 14 de marzo as nosas vidas experimentaron una revolución. Un ser microscópico converteuse nunha ameaza ben visible que saqueou os nosos hábitos, as nosas vidas, os nosos valores.

É un momento de emocións, desbordadas ou contidas, unha reflexión de humildade, cando nos criamos infalibles, e un canto a confiar naqueles que nos sosteñen coas súas mans: os sanitarios, as forzas de seguridade do Estado, os nosos veciños, os seres queridos.

É tamén un momento de volver dentro, non só das casas, senón da nosa alma. Que hai no noso interior? Tebras, aloumiños, lembranzas, treboadas, sosego?

Aproveitemos a quietude para tentar esa revolución interior que saque de nós o mellor que temos. Porque as verdadeiras transformacións, individuais e sociais, non van acompañadas de ruído; son silenciosas e permanecen máis duradeiras no tempo. O ruído esgótase; o silencio nos levanta.

Tamén, dende a biblioteca do IES Monelos, convidámosvos a todos a entrar nese mundo de ficción, non menos verdadeiro, que é o espello no que se mira

un escritor. Desfrutemos da lectura, que afonda nos nosos sentimentos.

Algún día erguerémonos e o sol iluminará os nosos beizos. Todo isto empezará a esvaecer como néboa, no pasado. Mais as súas pegadas permanecerán para ensinarnos aquilo que esquecemos e era, sinxelamente, aprender a vivir.



Contido

Editorial	1
Os nosos Clubs de Lectura	1-2
Día do Libro	2
Visitas de escritores	2
Recomendacións lectoras en tempos de crise	3
O recuncho do creador	3
Poema de Luz Pozo Garza	4
Proximamente	4

Os nosos Clubs de lectura

Os alumnos de 1º de ESO leron neste segundo trimestre *Esmeraldina, a pequena defunta*.

Así, Lucas Eiroa de 1º ESO A escribe: A vida desta familia transcorre entre olas das cociñas dun hotel. Un andazo de febre escarlatina remata coa vida da nena. Coa noticia da súa morte comezan a

chegar ao hotel defuntos de todos os recunchos co obxectivo de instalarse no hotel.

Este libro gustoume moito xa que é axil e ameno, cun estilo de humor diferente e macabro e cuns personaxes peculiares, como os defuntos, que, cando morren, reciben o nome da causa da súa morte. Neste

libro destácanse os conceptos da cociña, incorpora unhas receitas ao final; da amizade entre Esmeraldina e Lady Horreur e do traballo.

Encántame o estilo de Leticia Costas. Moi recomendable para lectores que gozan coa lectura como para aqueles que se están a iniciar nela.

Os nosos Clubs de lectura (continuación)



Teatro Día da Paz

Os alumnos de 3º de ESO leron o libro *Instruccións para tomar un café*.

As opinións sobre o mesmo son desiguais.

Antía Cañizo opina que o libro é interesante para aqueles que disfrutan cos microrrelatos. Ela, admite, inclínase por outro tipo de lecturas aínda que contén relatos curiosos.

Nicolás Palomo tamén reconece que lle gustou máis o libro do primeiro trimestre.

Paula Fariña opina que é un libro interesante, sobre todo, polo seu enfoque orixinal da realidade (o relato sobre falar en galego ou o da familia que vai comer cocido).

Andrés Resch di que este libro é realmente divertido, con historias curtas e fáciles de ler o que fai que a súa lectura sexa moito máis amena. Paréceme moi recomendable. En definitiva, é un pequeno gran libro.

Alumnos de Clubs de lectura de 1º e 3º de ESO fixeron unha

lectura dramatizada da obra de Luis Matilla **Las piernas de Amaidú** con motivo do Día da Paz e a non violencia. A obra trata da búsqueda de información, por parte duns alumnos de Primaria, sobre as minas antipersoas, causa de que Amaidú, un neno africano, non teña pernas.

A obra resultou un éxito e o alumnado de 1º de ESO e 2º de PMAR aplaudiron forte aos actores que recibiron como agradecemento, por parte da biblioteca, un cheque regalo .

Día do Libro

*Día 23 de abril:
Livre
Book
Libro
Liber
En distintos
idiomas pero todos
te fan libre.*

O 23 de abril conmemoramos o Día do Libro. Rendemos homenaxe á figura máis insigne das nosas letras, Miguel de Cervantes.

Este 2020 cúmprense 100 anos do pasamento dun dos escritores que recolleu máis fondamente a pegada de Cervantes: Benito Pérez Galdós, que finou o 4 de xaneiro de 1920.

Se Cervantes pintou fielmente

a España dos séculos XVI e XVII, Galdós retratou o noso país a finais do século XIX con pinceladas maxistras.

Ambos os dous danse a man na súa comprensión da natureza humana, das súas grandezas e miserias. Achéganse aos seus personaxes cun humor cheo de tenrura, dende a perspectiva de quen asome que somos pequenos seres, levados polas nosas

fraquezas.

O Día do Libro merece unha lembranza a estes escritores que reflexionaron sobre España en momentos difíciles.



Benito Pérez Galdós

Visita de escritores



Sinatura de libros por Alfredo Gómez Cerdá

O día 4 de febreiro visitounos a escritora Ana Alcolea, que nos falou do seu libro *El secreto del espejo*. O alumnado de 3º de ESO leu a obra no segundo trimestre e estivo atento ás palabras da autora. Esta fixo referencia á simboloxía contida no libro e noutras obras da literatura, tamén á maxia que fai que cada un de nós imaxine os

personaxes literarios de xeito diferente. Para terminar, os rapaces fixeron preguntas e a escritora firmou exemplares da obra.

O día 18 de febreiro, Alfredo Gómez Cerdá acudiu ao noso centro para conversar co alumnado de 4º de ESO sobre a súa obra *Ninfa rota*. Foi *verdaderamente unha conversa xa que os alumnos*

preguntaron directamente e estableceuse un coloquio en torno ao libro. A experiencia foi moi enriquecedora e estivo chea de espontaneidade.



Recomendacións lectoras en tempos de crise

As nosas propostas en tempos de illamento e incertezas son libros que nos falan de inclusión e de respecto á diversidade.

Alguns deles son:

-Sobre unha presentadora de televisión cega que emprende unha viaxe a unha América do Norte descoñecida: **A ciegas en Manhattan**. Nuria del Saz Gaitán.

-Sobre un rapaz con coeficiente intelectual moi baixo que é sometido a un experimento de consecuencias imprevisibles: **Flores para**

Algernon Daniel Keyes.

-Sobre a experiencia dunha rapaza xorda que loitará para que se recoñezan os seus dereitos, como que se ensine a linguaxe de signos nas escolas: **El grito de la gaviota** Emmanuel Laborit.

-Neste cómic unha parella acaba de ter unha nena, Laia, con moitos problemas de saúde pero que se aferrará á vida con todas as súas forzas. **Una posibilidad entre mil** de Cristina Durán y Miguel Ángel Giner Bou.

-**Miña irmá ten Síndrome de**

Down, e que? Fálanos desa discapacidade tan preto de nós e tan descoñecida. O libro é de Pako Sagarzazu.

-**Martes con mi viejo profesor** cóntanos os encontros dun alumno co seu profesor de universidade enfermo de ELA. Unha oportunidade de aprender a vivir. Esta obra é de Mich Albom.

-**La piedra de toque:** despois da morte dunha amiga, Carlos sofre unha depresión que o leva á consulta dun psiquiatra paralítico cerebral. Montserrat del Amo.



"Mujer leyendo en un sofá", William Worchester

O recuncho do creador

Nesta sección do noso xornal queremos dar a coñecer o labor dos creadores novos. Ás veces pasan desapercibidos, mesturados cos demais. Son alumnos sensibles, cunha percepción especial da realidade, dotados de talento para crear coas palabras.

Desexamos que neste espazo os nosos alumnos atopen ese lugar onde ser escoitados. Quen sabe? Quizáis algún día

cheguen a ser homes e mulleres recoñecidos como literatos. So temos que alentelos a seguir o seu camiño, a ser fieis á súa voz.



*No digáis que
agotado su tesoro,
de asuntos falta,
enmudeció la lira;
podrá no haber
poetas; pero siempre
habrá poesía.*
G.A. Bécquer.

Poema de Julia Úbeda (2º BAC D)

Seguía dormido

Cuando el minotauro se acercó a mí

Seguían mis manos siendo manos

Y aún bailaban mis dedos como el trigo en otoño por entre el hambre de Knut Hansum...

La Biblia

Era Dios de la B a la A

Y tejías mirándome

Unas ninfas de labios prietos

Yo seguía dormido, yo soñaba,

Yo tenía sueños oníricos

Abstractos

Edíposos

Lúgubres

Sin techo

Y mientras salía de entre mis grietas

Estos sueños

Yo era un hombre dormido

(Pero nunca fue adecuado

Ser un hombre dormido

Con los ojos cerrados

A la maravilla del mundo)

LEMBRANDO A LUZ POZO GARZA:

Anxos con patíns brancos na praza de O Grove

Andei as rúas doutros anos na vila mariñeira

Os vieiros que circunvalan espacios misteriosos

Meditei na ponte veneciana

No camiño iniciático

Que leva á illa do tesouro

Inda por descubrir.

Por debaixo pasaban as ondas como a vida

Musitaban as aves as puras letanías

Dunha levitación non aprendida. (...)

Proximamente

Cando estamos a punto de pechar este segundo número d'O **Nautilus** recibimos a triste nova do pasamento de Luz Pozo Garza, figura senlleira da poesía galega da segunda metade do século XX. Ademais de poeta, escribiu ensaios e foi membro da RAG. Dende o IES Monelos rendemos homenaxe a esta escritora que exerceu como docente no noso centro cando este iniciaba a súa andaina.

Nestes momentos que estamos a vivir, cando a información que nos chega é sobrecollidora, a poesía pode axudarnos a atopar a harmonía no caos.

Reivindiquemos a beleza das palabras, a musicalidade dos versos!

Despedimos xa este número cheos de incertezas:

Volveremos algún día a retomar as nosas vidas?

Quédanos un longo camiño por percorrer. Mentres, aferrémonos con forza a esas pequenas cousas que nos enchen o corazón de felicidade:

- O calor da amizade.
- O sol que entra pola fiestra.
- E ese libro amigo que agarda que alguén abra as súas páxinas para comezar a voar.

